



CEIP DE SIGÜEIRO

LIBROS DE TEXTO: FONDO SOLIDARIO E AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2018/19

O luns, 21 de maio publicouse no DOG a orde do 9 de maio que regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o alumnado.

Esta orde contempla dúas modalidades de gratuidade dos libros de texto:

- Participación no **fondo solidario de libros de texto para os cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria** (asignaranse os libros por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar). **Tamén para 1º da ESO.**
- Axudas para mercar os libros de texto nos cursos de 1º e 2º** (de 170 € e 90 € segundo sexa a renda inferior ou superior a 5.400 € sempre que non supere os 9.000 €).

Ademais recóllense as **axudas para adquirir material escolar para educación primaria**, serán 50 € para rendas per cápitas iguais ou inferiores a 5.400 €.

SOLICITUDES

As **solicitude** presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios dispoñibles na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> **Opcionalmente poderanse presentar presencialmente no colexio (alumnado de 6º no instituto)**, ben sexa a solicitude previamente cuberta na aplicación Fondolibros e impresa, ou ben sexa cuberta de xeito manual. Utilizarase o formulario normalizado, **anexo I, que poderán recoller no colexio** e tamén estará dispoñible na páxina web do centro, www.edu.xunta.gal/centros/ceipsigüeiro, na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> ou no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal>. Cada familia presentará unha **única solicitude para todas as modalidades (fondo, axudas e material) e para todos os fillos** e deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumno/a. **O prazo para presentar as solicitudes rematará o día 22 de xuño de 2018.**

DOCUMENTACIÓN

- Anexo I (solicitude) e Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables das unidade familiar a 31 de decembro de 2016. No caso de opoñerse a esta consulta deberán entregar outra documentación complementaria)
- Copia do libro de familia** ou documento acreditativo do número de membros computables.
- Calquera outra documentación acreditativa de situacións concretas: discapacidade, violencia de xénero...

Sigüeiro, 22 de maio de 2018

CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA

A renda per cápita é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do 2016 entre o número de membros computables. A renda da unidade familiar obtémola sumando as rendas de cada un dos membros computables da familia; se presentaron declaración, sumarase o recadro 392 máis o 405, se non se presentou teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.